

## SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO: DEREITO A COBRAR COMPLEMENTO DE NOITES, DOMINGOS E FESTIVOS NO MES DE VACACIÓNS

*Santiago de Compostela 18/09/24*

### OS CONCEPTOS RETRIBUTIVOS RELATIVOS A NOCTURNIDADE, DOMINGOS E FESTIVOS FORMAN PARTE DA RETRIBUCIÓN ORDINARIA E DEBEN SER INCLUÍDOS NO SALARIO DO MES DE VACACIÓNS.

Así o determina a Sala do Contencioso do Tribunal Supremo o pasado mes de maio nunha sentenza na que estima un recurso de casación, **establecendo que os conceptos relativos á nocturnidade e traballo en domingos e festivos forman parte da retribución ordinaria e deben ser incluídos no salario do mes de vacacións, calculando o seu importe sobre a media aritmética dos devanditos conceptos nos once meses inmediatamente anteriores ao período vacacional.**

A Sentenza é de especial importancia en ámbitos e sectores de actividade nos que se interpreta “ata o de agora” que o dereito a percepción de retribucións de noites, domingos e festivos está condicionado a prestación efectiva. O Tribunal manifesta que esta práctica supón unha vulneración do principio de vacacións integramente remuneradas.

Poñemos o nosos servizos xurídicos a disposición das persoas interesadas en efectuar as reclamacións oportunas consonte ao contido de dita sentenza.

Para máis información diríxete aos teus delegados/as e seccións sindicais de UGT.

